

NOTA EDITORIAL: Descripción deste número

Editores

Cad Aten Primaria
Ano 2009
Volume 16
Páx. 266-266

No **EDITORIAL** deste número Begoña Peiteado, médica do PAC de Vigo, descríbennos parte dos aspectos profesionais do traballo no PAC e recorda e reivindica o seu papel no sistema sanitario e como debe ser a relación co resto do sistema.

A sección **QUE HAI DE NOVO EN SAÚDE PÚBLICA?**, iniciase coa primeira parte dunha actualización sobre a **exposición a campos electromagnéticos**, asunto de gran preocupación da cidadanía e impacto mediático. Nas Series de Saúde Pública presentamos o primeiro documento sobre **alimentación, exercicio físico e estilos de vida**, cos datos de sobrepeso e obesidade, resultados de enquisas sobre alimentación en Galicia e recomendacións para mellorala. Finaliza esta sección con **documentación e ligazóns** (risco beneficio da vacina, aspectos clínicos e de tratamento da gripe, novas epidemiolóxicas actualizadas) **sobre a gripe A**, que se poden encontrar na páxina web do sergas ((www.sergas.es/gripe).

Neste número publícanse varios **ORIXINAIS**, e todos eles relacionados con problemas moi prevalentes e que afectan á nosa práctica clínica cotián. Un estudo sobre **tratamento de gonartrose** que nos fai reflexionar sobre a práctica clínica e a adaptación ás guías terapéuticas recomendadas, outro sobre os problemas de seguridade que nos encontramos a cotío cando usamos varios fármacos en persoas maiores e con varios problemas crónicos. É preciso a vixilancia destas **interaccións medicamentosas** neste tipo de pacientes. Outro que describe o **perfil sociocultural dos cuidadores dos pacientes inmobilizados** no domicilio, e outro que describe o **grao de dependencia ao tabaquismo dos traballadores hospitalarios**, así como o seu perfil socioeconómico e laboral.

PARA SABER DE... presenta dúas interesantes revisións completas e actualizadas de **Ascite** e de **Encefalopatía Hepática**, coa anamnese, exploración, diagnóstico e pautas concretas de tratamento.

En **HABILIDADES E TERAPÉUTICA** presentamos unha descrición detallada do manexo, mediante infiltración, do **dedo en gatillo**; un exemplo, que esperamos anime a máis residentes e titores, de utilización do **portfolio, do incidente crítico**, para resolución de problemas e aprendizaxe; e continuamos coa serie de **'comunicación' e a**

abordaxe da entrevista describindo técnicas para clarificar os obxectivos do paciente e averiguar o que realmente desexa e precisa.

Unha interesante **ALERTA BIBLIOGRÁFICA CON IMPACTO CLÍNICO** analiza o traballo *Are Angiotensin-Converting Enzyme Inhibitors and Angiotensin Receptor Blockers Especially Useful for Cardiovascular Protection?* *Hean Teik Ong, FRCP, FACC, FESC*. *Journal of the American Board of Family Medicine (JABFM)* November–December 2009 Vol. 22 No. 6 **aclorando a protección cardiovascular tanto dos IECA como dos ARA II**.

Continuamos coa sección **CASOS CLÍNICOS**, apreciada polos lectores, cun importante compoñente formativo. Tamén se publica en **CARTAS AO DIRECTOR** un caso clínico curioso e interesante sobre pseudohermia herpética.

Publicamos tamén neste número, con gran satisfacción pola nosa parte, un **póster** realizado pola farmacéutica, MIR e médicos do C.S. Porriño, no que se observa **a relación entre incremento de tratamentos de osteoporose en Galicia e a incidencia de fractura de cadeira**. Este documento foi **galardonado recentemente no XXIX Congreso semFYC co Primeiro Premio á mellor comunicación Póster**.

En **COLABORACIÓNS** ofrecemos unha excelente e breve presentación do portal **Bibliosaúde**, xa coñecido por moitos dos lectores, no que a Consellaría de Sanidade, e co esforzo e ilusión das persoas que traballan nas Bibliotecas do Sergas, nos facilita un acceso impagable á rede bibliográfica tanto no centro de traballo como na propia casa.

En **ESPAZO PARA O DEBATE** se presenta unha análise da estrutura de **área de saúde** e unha proposta concreta, por parte de Ramón Veras, resumo dun relatorio presentado na subcomisión do Congreso Pacto de Estado na Sanidade, e tamén unha reflexión por parte de Luis Verde, director de Área de Ferrol, sobre a **situación actual das novas tecnoloxías** e as TICs para profesionais e poboación e da adaptación ás mesmas.

Continuamos tamén neste número coa sección de **HUMANIDADES** onde se presenta unha opinión sobre **o galego na sanidade**.